

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

RESOLUCIÓN do 28 de agosto de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a convocatoria para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, na Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso 2023/24.

O Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial, e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario, dispón, no seu artigo 9, que para exercer a docencia nestes ámbitos será necesario estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica, de acordo co exixido pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, de ordenación das ensinanzas universitarias, estableceu a organización e o contido dos títulos oficiais de máster universitario. Con posterioridade, a Orde ministerial ECI/3858/2007, do 27 de decembro (BOE do 29 de decembro), determinou os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habilitan para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensino de idiomas, dispoñendo unha fase de prácticum obrigatoria que se realizará en colaboración coas institucións educativas establecida mediante convenios entre as universidades e as administracións educativas.

A Orde do 18 de abril de 2011 (DOG do 13 de maio) establece o procedemento para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nos artigos 2, 3 e 4 da citada orde descríbense os procedementos de regulamentación de centros de prácticas, persoas titoras de prácticas e persoas coordinadoras de prácticas.



O 24 de febreiro de 2023 asinouse o convenio cooperación educativa entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a realización do prácticum do máster universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.

O 3 de marzo de 2023 asinouse o convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a UNED para a realización do prácticum do máster universitario en Profesorado de ESO e Bacharelato, FP e Ensinanza de Idiomas.

Para tal fin, de acordo co anteriormente exposto, como director xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto desta resolución é abrir o procedemento para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o curso 2023/24 para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, na Comunidade Autónoma galega.

Artigo 2. *Solicitudes e documentación*

Os centros e as persoas, coordinadoras e titoras, que desexen acreditarse para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao máster en Profesorado deberán solicitar a súa alta á dirección do centro, que rexistrará a todas as persoas interesadas, aínda que en anos anteriores estivesen acreditadas na aplicación Xade, seguindo o itinerario: <<Profesorado>Datos profesionais>Traballo no centro>>, onde existirán dúas opcións: <<Coordinador prácticum máster profesorado>> e <<Voluntario para titorizar prácticum máster profesorado>>.

Cada centro terá unha soa persoa coordinadora, que será a persoa directora do centro ou, por delegación súa, a persoa encargada da xefatura de estudos ou, excepcionalmente, unha das persoas titoras de prácticas.

Para as escolas oficiais de idiomas, escolas de arte e superiores de deseño e conservatorios profesionais de música e danza enviarán a súa solicitude ao enderezo electrónico



formacion.fprofe@edu.xunta.es. Nesta solicitude indicarán os nomes do/da coordinador/a e dos/das titores/as cos correspondentes datos de DNI, especialidades e horarios (nocturno/diúrno).

Artigo 3. *Centros acreditados*

As listaxes dos centros acreditados e das súas persoas coordinadoras e titoras e especialidades ofertadas faranse públicas nas xefaturas territoriais, así como no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, <https://www.edu.xunta.gal/portal/>

Artigo 4. *Selección dos centros e réxime de realización das prácticas*

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades remitirá estas solicitudes, unha vez revisadas, ás universidades correspondentes.

As universidades, unha vez analizadas as solicitudes, formularán, de acordo coas súas necesidades, a proposta de centros e persoas coordinadoras e titoras seleccionados pola Comisión de Seguimento do prácticum correspondente, segundo o establecido no artigo 7 da Orde do 18 de abril de 2011.

A realización das prácticas rexerese pola normativa vixente e polos protocolos que, de ser o caso, se establezan de acordo coa consellería e as universidades.

Artigo 5. *Prazo de presentación*

O prazo de presentación das solicitudes dará comezo o día seguinte ao da súa publicación e terán dez (10) días hábiles de prazo de solicitude, en que se pechará a aplicación Xade, e a partir desta data non se poderán introducir máis centros e persoas titoras a coordinadoras nela. As persoas interesadas disporán de cinco (5) días hábiles para realizar as alegacións que se consideren ás listaxes publicadas no portal educativo, no correo formacion.fprofe@edu.xunta.es

Artigo 6. *Comisión de Seguimento e funcións*

1. Haberá unha comisión de seguimento coas universidades con que se subscribise convenio de colaboración para a realización do prácticum do máster universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, na Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso 2023/24.



2. Ademais das funcións específicas reguladas en cada convenio, a Comisión terá as seguintes:

I. A aprobación e consecuente designación de centros en prácticas segundo a proposta feita pola universidade correspondente.

II. Facer o seguimento e apoio ao desenvolvemento do prácticum.

III. Resolver cantas cuestións se poidan suscitar en relación co desenvolvemento das prácticas.

Artigo 7. *Réxime de recursos*

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira primeira

Facúltase a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para adoptar os acordos e ditar as resolucións que considere oportunas en desenvolvemento desta resolución.

Disposición derradeira segunda

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2023

Jesús Manuel Álvarez Bértolo
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

